

Arde  
•LVCVS  
MMXX



Concello de Lugo

BASES DO CONCURSO DE  
← CARACTERIZACIÓN ARDE LVCVS →

Área de Cohesión Social  
Ref. XUVENTUDE  
Asunto: Bases concurso  
[#ConcursoVolveremos](#)

## OBXECTO

A área de Xuventude do Concello de Lugo pon en marcha un concurso de caracterización de Arde Lvcvs co que busca manter vivo o espírito destes festexos que este ano, pola situación sanitaria actual, non se poden celebrar do xeito tal e como se viña facendo nos últimos 18 anos.

O certame ten, polo tanto, como obxectivo, crear ambiente na rede social Facebook durante esta edición virtual do Arde Lvcvs.

## CARACTERÍSTICAS

O certame de caracterización está aberto a rapaces e rapazas e adultos, existindo dúas categorías: unha xuvenil, dende os 14\* ata os 17 anos, e outra adulta, dos 18 en diante, e contará con dúas versións de caracterización: romana e castrexa.

*\*As normas de Facebook determinan a idade mínima de 14 anos para usar esta rede social.*

Cada persoa participante poderá concorrer unha única vez.

## REQUISITOS DAS FOTOGRAFÍAS

### PARTICIPANTES

As fotografías, que poderán tomarse tanto en interior como exterior, deberán amosar unha persoa vestida co seu traxe romano ou castrexo. Se na imaxe aparecen menores, deberase contar coa autorización do pai, nai, titor/a para publicar a imaxe, que se solicitará e se comprobará no caso de resultar gañador/a.

Poderanse rexeitar aquelas fotografías que non cumpran uns mínimos estándares de calidade.

## PRESENTACIÓN E PRAZO

As fotografías deberán subirse ao Facebook co cancelo #concursovolveremos e mencionando a categoría na que se participa ata o 28 de xuño.

## PREMIOS

Outorgarase catro premios:

- > Premio para a categoría xuvenil de caracterización romana
- > Premio para a categoría xuvenil de caracterización castrexa
- > Premio para a categoría adulta de caracterización romana
- > Premio para a categoría adulta de caracterización castrexa

Os premios de adultos basearanse nunha fin de semana para dúas persoas e para desfrutar ao longo deste ano 2020 (en réxime de aloxamento e almorzo, en calquera dos pobos e ou cidades que acollan algunha das festas de recreación histórica que se integran na Asociación Española de Festas de Recreación Históricas\* (da que forma parte Lugo co Arde Lvcvs). Os premios xuvenís basearanse ambos en experiencias de aventura adecuadas á idade do gañador ou gañadora.

*\*Os lugares son os seguintes: Teruel, Noja (Cantabria), Vigo, Calahorra (A Rioja), Linares (Jaén), Monzón (Huesca), Hospital de Órbigo (León), Calatayud (Zaragoza), Olocau (Valencia), Llanera (Asturias), Mojados (Valladolid), Jerez de los Caballeros (Badajoz), Nájera (A Rioja), Pastrana (Guadalajara), Estella (Navarra), Astorga (León), Borja (Zaragoza), Ayllón (Segovia), Aguilafuente (Segovia), Cortegada (Huelva), Oña (Burgos), Albuquerque (Badajoz), Medina del Campo (Valladolid), Xinzo de Limia (Ourense), Atapuerca (Burgos), Rivadavia (Ourense), Corrales de Buelna (Cantabria), Cartagena (Rexión de Murcia), Mas de las Matas (Teruel), Burgos, Barchín del Hoyo (Cuenca) e Andorra.*

## XURADO CALIFICADOR

O fallo do xurado valorará criterios de adaptación aos materiais usados nas épocas romanas e castrexas así como a similitude e dificultad. Estará formado por un representante de cada unha das 19 asociacións de recreación histórica de Lugo. As asociacións romanas formarán parte do xurado de caracterización romana e as castrexas, da caracterización castrexa.

O fallo do xurado emitirase ao longo do verán, avisando ás persoas gañadoras no Facebook oficial dos festexos do Arde Lvcvs, tendo un prazo de 24 horas, para pórse en contacto e facilitar os datos de comprobación que se lle solicite. Crearase tamén unha listaxe de primeiros e segundos postos.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

Ao presentarse a este concurso, cada persoa participante manifesta a aceptación total das bases.

Calquera incidencia non contemplada nestas bases, que serán publicadas en [www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal) e en [www.ardelucus.com](http://www.ardelucus.com) será resolta pola organización.

Lugo, a 1 de xuño  
A Tenente de Alcaldesa  
da Área de Cohesión Social



Ana María González Abelleira